

CONSELLERIA DE FACENDA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Data 30/11/2018 13:47:27

ENTRADA 13636 / RX 2889734



DIRECCIÓN XERAL DA FUNCION PUBLICA

Rúa San Caetano s/n

15781 Santiago de Compostela

Pablo Amenedo Bermúdez, con DNI 44808797J, presidente da **Asociación profesional de funcionarios do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia**, con domicilio social na Escola Galega de Administración Pública, Rúa Madrid, 2-4. Fontiñas -15707 Santiago de Compostela, e endereço para os efectos de notificacións no correo electrónico corposuperior@gmail.com, e Manuel A. Jiménez Vicente presidente da **Asociación de veterinarios Funcionarios da Xunta de Galicia** con domicilio social en Colegio Oficial de Veterinarios. C/ Ramón Y Cajal nº 2. 27001. Lugo. e endereço para os efectos de notificacións no correo electrónico asvef.gal@gmail.com, dan traslado do seguinte escrito, en nome e representación das referidas asociacións:

“PETICIÓN DE MELLORA DA PROPOSTA DE CARREIRA PROFESIONAL A TRAVÉS DO RECOÑECEMENTO DOS GRAOS”

Analizada a proposta remitida pola Dirección Xeral da Función Pública en relación ao modo de adquirir os graos na carreira profesional, e vista a aprobada no ámbito do Servizo Galego de Saúde (SERGAS),

Situación: Periodo 2019-2022

A proposta da Dirección Xeral da Función Pública inclúe de forma excepcional, acceder de forma directa ao grao I no ano 2019 (sempre que se cumpran os requisitos de antigüidade e méritos) e de maneira anticipada o Grao II en 2023

No que á retribución do Grao I refírese, proponse que alcanzado este no ano 2019 o seu cobro se realice de forma diferida atendendo ao seguinte calendario:

- No 2019 retribuiríase o 25% do grao I
- No 2020 retribuiríase o 50% do grao I
- No 2021 retribuiríase o 75% do grao I
- No 2022 retribuiríase o 100% do grao I

A partir de 2022

publicaríase a convocatoria para a consecución do Grao II, que conseguido este, retribuiríase do seguinte modo:

- No 2023 retribuiríase o 20% do grao II
- No 2024 retribuiríase o 40% do grao II
- No 2025 retribuiríase o 60% do grao II
- No 2026 retribuiríase o 80% do grao II.
- A partires de 2027 ou 100% do Grao II

CON BASE NESTA PROPOSTA PROPOÑEMOS AS SEGUINTES MODIFICACIÓN DO BORRADOR PRESENTADO:

1.- Consideramos que debe reducirse o número de anos esixible para “consolidar” o 100% das retribucións correspondentes a cada Grao, xa que a proposta fala de que o 100% do Grao I se acadará no ano 2022 (a un ritmo dun 25% de incremento anual) e o Grao II no ano 2027 (a un ritmo dun 20% de incremento anual).

No SERGAS modelo que serve de imaxe no que comparar este recoñecemento, o 100% das retribucións perfecciónase dende o primeiro ano, o que supón que estamos sendo prexudicados en relación á carreira aprobada para eles.

Deste xeito propoñemos que se faga efectivo o 100% das retribucións que conleva o recoñecemento de cada Grao, e subsidiariamente que se reduza o actual calendario proposto de 4 a 3 anos no Grao I e que no Grao II se faga efectivo o 100% das retribucións dende o momento do seu recoñecemento.

2.- Sen prexuízo do exposto no punto anterior, e con carácter acumulativo, entendemos que non é admisible que todos os funcionarios, con independencia da súa antigüidade, alcancen o grao I ao mesmo tempo, polo que habería que articular algúin mecanismo para que aqueles que levan máis anos poidan “anticipar” este recoñecemento que, por outra banda, no SERGAS, non se difire.

Partindo do sistema de outorgamento de días adicionais aos funcionarios no sistema de vacacións, formulamos a nosa proposta de “recoñecemento anticipado” dos graos:

Vexamos como se outorgan estes días adicionais, en función da antigüidade:

<u>Antigüidade</u>	<u>Días adicionais</u>
Quince anos	1 día
Vinte anos	2 días
Vinte cinco anos	3 días
Trinta anos	4 días.

Partindo desta base, pódense establecer diferentes grupos de Funcionarios en función da súa antigüidade.

- **Grupo I:** Estaría conformado por funcionarios con cinco ou máis anos de antigüidade e menos de quince

Neste grupo a consolidación e retribución pódese levar a cabo de acordo co modelo proposto na anterior alegación :

- No 2019 retribuiríase o 33% do grao I
- No 2020 retribuiríase o 66% do grao I
- No 2021 retribuiríase o 100% do grao I
- No 2022 retribuiríase o 100% do grao I

- **Grupo II:** Estaría conformado por funcionarios con quince ou máis anos de antigüidade e menos de vinte.

Neste grupo a consolidación e retribución realizaríase do seguinte modo:

- Durante 2019 retribuiríase o 50% do grao I
- Durante 2020 retribuiríase o 75 % do grao I
- Durante 2021 e 2022 100% do grao I

- **Grupo III:** Estaría conformado por funcionarios con vinte ou más anos de antigüidade e menos de vinte e cinco.

Neste grupo a consolidación e retribución realizaríase do seguinte modo:

- Dende 2019 ata 2022 100%do grao I

- **Grupo IV:** Estaría conformado por funcionarios con vinte e cinco ou más anos de antigüidade e menos de trinta.

Neste grupo a consolidación e retribución realizaríase do seguinte modo:

- Durante 2019 y 2020 100%do grao I e 50% do grao II
- Durante 2021 y 2022 100% dos graos I e II

- **Grupo V:** Estaría conformado por funcionarios con trinta años de antigüidade ou máis:

Neste grupo a consolidación e retribución realizaríase do seguinte modo:

- Dende 2019 ata 2022 100% dos graos I e II

Cada empregado, unha vez consolidado o grao, deberá permanecer o número de anos que se indica no borrador para poder solicitar e optar á consolidación do seguinte.

2.- Na carreira do SERGAS establecese o seguinte calendario para cada un dos graos do persoal licenciado sanitario:

Grao I: poderase acceder tras 5 anos de permanencia no grao inicial (+ avaliación favorable).

Grao II: poderase acceder tras 5 anos de permanencia no grao I (+ avaliación favorable).

Grao III: poderase acceder tras 5 anos de permanencia no grao II (+ avaliación favorable).

Grao IV: poderase acceder tras 7 anos de permanencia no grao III (+ avaliación favorable).

Na proposta que realiza a Dirección Xeral da Función Pública establecese o seguinte calendario:

Grao I: poderase acceder tras 5 anos de permanencia no grao inicial (+ avaliación favorable).

Grao II: poderase acceder tras 6 anos de permanencia no grao I (+ avaliación favorable).

Grao III: poderase acceder tras 6 anos de permanencia no grao II (+ avaliación favorable).

Grao IV: poderase acceder tras 7 anos de permanencia no grao III (+ avaliación favorable).

Non é xustificable que se esixan 6 anos nos graos II e III para a Xunta, cando no SERGAS se están a esixir 5 anos neses mesmos graos.

3.- Solicitamos igualmente que, con independencia dos atrasos que se produzcan na aprobación da carreira, o recoñecemento do Grao I se efectúe con carácter retroactivo con efectos dende o 1 de xaneiro de 2019.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2018

Manuel A. Jiménez Vicente

Presidente da Asociación de Veterinarios
Funcionarios de Galicia. ASVEF.

Pablo Amenedo Bermúdez

Presidente da Asociación profesional de
funcionarios do Corpo Superior de
Administración da Xunta de Galicia

